

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0227	Servizos en rede	2024/2025	6	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	OLGA CUERVO MIGUÉLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenrolo curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES San Clemente que cumpre as condicións establecidas pola L.O.E. e os Reais Decretos que a desenrolan en canto a espazos,

instalacións, alumnado, etc.

Se o contextualizamos para o entorno da cidade de Santiago de Compostela, no entorno do Centro encóntranse varias empresas de servizos informáticos que acollen á gran maioría dos alumnos do ciclo para a Formación en Centros

de Traballo e onde é previsible que poidan desenrolar a súa carreira profesional estes alumnos

Este módulo profesional contén a formación necesaria para identificar técnicas e prácticas de tratamento seguro da información, recoñecendo e valorando a súa importancia en distintos contornos de traballo que manexen diferentes sistemas operativos.

Dáselle ó módulo unha orientación fundamentalmente práctica, usando as ferramentas software máis utilizadas hoxe en día nas empresas do entorno, de maneira que os alumnos adquiran os coñecementos adecuados ás características do ámbito produtivo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Servizo DHCP	Instalación e xestión de servizos de configuración dinámica de sistemas	20	10
2	Servizo DNS	Instalación e configuración de servizos de resolución de nomes	30	16
3	Servizo de transferencia de ficheiros	Instalación e configuración do servizo FTP	15	10
4	Servizo de Correo Electrónico	Instalación e configuración do servizo de correo	20	10
5	Servizo web	Instalación e configuración do servizo web	40	22
6	Ferramentas de acceso remoto	Instalación e configuración de servizos de acceso remoto e administración remota	20	10
7	Redes Inalámbricas	Despregamento e configuración de redes sen fíos	20	10
8	Interconexión de redes	Despregamento e interconexión de redes privadas con redes públicas.	23	12

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Servizo DHCP	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interconecta sistemas en rede instalando mecanismos automatizados de configuración.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse o funcionamento dos mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede e identificáronse as vantaxes que proporcionan.
CA1.2 Ilustráronse os procedementos e as pautas que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede.
CA1.3 Instalouse un servizo de configuración dinámica dos parámetros de rede.
CA1.4 Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos sistemas dunha rede local.
CA1.5 Realizáronse asignacións dinámicas e estáticas.
CA1.6 Integráronse no servizo opcións adicionais de configuración.
CA1.7 Verificouse a correcta asignación dos parámetros.

4.1.e) Contidos

Contidos
Enderezo IP, máscara de rede e porta de ligazón.

Contidos
Dispositivos de rede. Encamiñadores e segmentos de rede. Difusións.
DHCP: rangos, exclusións, concesións e reservas.
Opcións adicionais do protocolo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Servizo DNS	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala servizos de resolución de nomes, que configura con base nunhas especificacións establecidas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse e describíronse escenarios en que xurda a necesidade dun servizo de resolución de nomes.
CA2.2 Clasifícanse os principais mecanismos de resolución de nomes.
CA2.3 Describiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
CA2.4 Instalouse un servizo xerárquico de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.
CA2.5 Preparouse o servizo para almacenar as respostas procedentes de servidores de redes públicas e llas servir aos equipamentos da rede local.
CA2.6 Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.
CA2.7 Traballouse en grupo para realizar transferencias de zona entre dous ou máis servidores.
CA2.8 Comprobase o correcto funcionamento do servidor.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de nomes planos e xerárquicos.
Resolutores de nomes. Proceso de resolución dun nome de dominio.
Servidores raíz e dominios de primeiro nivel e sucesivos.
Zonas primarias e secundarias. Transferencias de zona.
Tipos de rexistros.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Servizo de transferencia de ficheiros	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala servizos de transferencia de ficheiros, describe as súas características e as súas aplicacións, e verifica o funcionamento en diversos modos de acceso, con base nunhas especificacións establecidas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Estableceuse a utilidade e modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros.
CA3.2 Instalouse un servizo de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios.
CA3.3 Creáronse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor.
CA3.4 Configurouse o acceso anónimo.
CA3.5 Establecéronse límites nos modos de acceso.

Criterios de avaliación
CA3.6 Comprobouse o acceso ao servidor en modo activo e en modo pasivo.
CA3.7 Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e en modo gráfico.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Usuarios e grupos. Acceso anónimo.</p> <p>Permisos. Cotas. Límite de largo de banda.</p> <p>Conexión de datos e conexión de control.</p> <p>Comandos de control, autenticación, xestión e transferencia de ficheiros.</p> <p>Transferencia en modo texto e binario.</p> <p>Modo activo e modo pasivo.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Servizo de Correo Electrónico	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona servidores de correo electrónico, e configura o servizo de acordo cos requisitos de uso.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico.
CA4.2 Instalouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios.
CA4.3 Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso a elas.
CA4.4 Definíronse alias para as contas de correo.
CA4.5 Aplicáronse métodos para impedir usos indebidos do servidor de correo electrónico.
CA4.6 Instaláronse servizos para permitir a recollida remota do correo existente nas caixas de correo de usuario.
CA4.7 Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Axentes e protocolos de transferencias de mensaxes.</p> <p>Contas de correo, alias e caixas de correo de usuario.</p> <p>Reenvío de correo e correo non desexado.</p> <p>Protocolos e servizos de descarga de correo.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Servizo web	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona servidores web, e configura o servizo de acordo coas necesidades de uso.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
CA5.2 Instalouse un servidor web en sistemas operativos libres e propietarios.
CA5.3 Creáronse sitios virtuais.
CA5.4 Verificáronse as posibilidades existentes para discriminar o sitio de destino do tráfico entrante ao servidor.
CA5.5 Configurouse a seguridade do servidor.
CA5.6 Comprobouse o acceso de usuarios ao servidor.
CA5.7 Diferenciouse e probouse a execución de código no servidor e no cliente.
CA5.8 Instaláronse módulos sobre o servidor.
CA5.9 Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre cliente e servidor.

4.5.e) Contidos

Contidos
Servidores virtuais. Nome de encabezamento de host. Identificación dun servidor virtual.
Acceso anónimo e autenticado. Métodos de autenticación.
Execución de código. Scripts de servidor e de cliente.

Contidos
Establecemento de conexións seguras.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Ferramentas de acceso remoto	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Instala, configura e xestiona métodos de acceso remoto, e comproba o seu funcionamento en modo texto e en modo gráfico.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbense métodos de acceso e de administración remota de sistemas.
CA6.2 Instalouse un servizo de acceso remoto en liña de comandos e en modo gráfico.
CA6.3 Comprobouse o funcionamento de ambos os métodos.
CA6.4 Identificáronse as principais vantaxes e deficiencias de cada un.
CA6.5 Realizáronse probas de acceso remoto e de administración remota entre sistemas de distinta natureza.

4.6.e) Contidos

Contidos
Terminais en modo texto e en modo gráfico.
Protocolos de acceso.

Contidos
Protocolos de administración remota.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Redes Inalámbricas	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Desprega redes sen fíos seguras seguindo os procedementos técnicos especificados.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Instalouse un punto de acceso sen fíos dentro dunha rede local.
CA7.2 Recoñecéronse os protocolos, os xeitos de funcionamento e os principais parámetros de configuración do punto de acceso.
CA7.3 Seleccionouse a configuración máis idónea sobre diversos escenarios de proba.
CA7.4 Estableceuse un mecanismo axeitado de seguridade para as comunicacións sen fíos.
CA7.5 Usáronse diversos tipos de dispositivos e adaptadores sen fíos para comprobar a cobertura.
CA7.6 Instalouse un encamiñador sen fíos con conexión á rede pública e servizos sen fíos de rede local.
CA7.7 Configurouse e probouse o encamiñador desde os computadores da rede local.

4.7.e) Contidos

Contidos
Puntos de acceso.
Encamiñadores sen fíos.
Estándares de conexión e velocidades soportadas.
Identificadores de servizo.
Seguridade en redes sen fíos.
Conexións punto a punto e en infraestrutura.
Enderezos MAC e filtraxe do tráfico.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Interconexión de redes	23

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Interconecta redes, e comproba e asegura o tráfico transmitido.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA8.1 Estableceuse un mecanismo que permita reenviar tráfico de rede entre dúas ou máis interfaces dun mesmo sistema.
CA8.2 Implantouse e verificouse unha política de seguridade referente ao tráfico que reenvía o sistema.
CA8.3 Comprobouse o acceso a unha rede determinada desde os sistemas conectados a outra rede distinta.

Criterios de avaliación

CA8.4 Implantouse e verificouse a configuración para acceder desde unha rede pública a un servizo localizado nunha máquina dunha rede privada local.

CA8.5 Instalouse e configurouse o hardware dun sistema con acceso a unha rede privada local e a unha rede pública.

CA8.6 Instalouse unha aplicación que actúe de pasarela entre a rede privada local e a rede pública.

CA8.7 Recoñecéronse e diferenciáronse as principais características e posibilidades da aplicación seleccionadas.

CA8.8 Configuráronse os sistemas da rede privada local para acceder á rede pública a través da pasarela.

CA8.9 Establecéronse os procedementos de control de acceso para asegurar o tráfico do transmitido a través da pasarela.

CA8.10 Puxéronse en práctica mecanismos para acelerar as comunicacións entre a rede privada local e a pública.

CA8.11 Identificáronse os escenarios de aplicación deste tipo de mecanismos.

4.8.e) Contidos**Contidos**

Pasarelas a nivel de aplicación. Almacenaxe en memoria caché.

Encamiñamento de tráfico entre interfaces de rede.

Devasas (firewalls). Filtraxe do tráfico entre redes.

Reenvío de portos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

.1. Mínimos esixibles por unidade didáctica

* UD1. Servizo DHCP.

Recoñeceuse o funcionamento dos mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede e identificáronse as vantaxes que proporcionan.

Ilustráronse os procedementos e as pautas que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede.



Instalouse un servizo de configuración dinámica dos parámetros de rede.
Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos sistemas dunha rede local.
Realizáronse asignacións dinámicas e estáticas.
Integráronse no servizo opcións adicionais de configuración.
Verificouse a correcta asignación dos parámetros.

* UD2. Servizo DNS.

Identificáronse e describíronse escenarios en que xurda a necesidade dun servizo de resolución de nomes.
Describiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
Instaláronse e configuráronse servizos xerárquicos de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.
Preparouse o servizo para reenviar consultas de recursos externos a outro servidor de nomes.
Preparouse o servizo para almacenar e distribuír as respostas procedentes doutros servidores.
Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.
Realizáronse transferencias de zona entre dous ou máis servidores.
Documentáronse os procedementos de instalación e configuración de servizos de resolución de nomes.

* UD3. Servizos de transferencia de arquivos.

Estableceuse a utilidade e modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros.
Instalouse un servizo de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios.
Creáronse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor.
Configurouse o acceso anónimo.
Establecéronse límites nos modos de acceso.
Comprobouse o acceso ao servidor en modo activo e en modo pasivo.
Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e en modo gráfico.

* UD4. Servizo de correo electrónico.

Describíronse os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico.
Instalouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios.
Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso a elas.
Definíronse alias para as contas de correo.
Aplicáronse métodos para impedir usos indebidos do servidor de correo electrónico.



Instaláronse servizos para permitir a recollida remota do correo existente nas caixas de correo de usuario.

Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo.

* UD5. Servizo Web.

Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.

Instalouse un servidor web en sistemas operativos libres e propietarios.

Creáronse sitios virtuais.

Verificáronse as posibilidades existentes para discriminar o sitio de destino do tráfico entrante ao servidor.

Configurouse a seguridade do servidor.

Comprobouse o acceso de usuarios ao servidor.

Diferenciouse e probouse a execución de código no servidor e no cliente.

Instaláronse módulos sobre o servidor.

Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre cliente e servidor.

* UD6. Ferramentas de Acceso Remoto.

Descríbense métodos de acceso e de administración remota de sistemas.

Instalouse un servizo de acceso remoto en liña de comandos e en modo gráfico.

Comprobouse o funcionamento de ambos os métodos.

Identificáronse as principais vantaxes e deficiencias de cada un.

Realizáronse probas de acceso remoto e de administración remota entre sistemas de distinta natureza.

*UD7. Redes Inalámbricas

Instalouse un punto de acceso sen fíos dentro dunha rede local.

Recoñecéronse os protocolos, os xeitos de funcionamento e os principais parámetros de configuración do punto de acceso.

Seleccionouse a configuración máis idónea sobre diversos escenarios de proba.

Estableceuse un mecanismo axeitado de seguridade para as comunicacións sen fíos.

Usáronse diversos tipos de dispositivos e adaptadores sen fíos para comprobar a cobertura.

Instalouse un encamiñador sen fíos con conexión á rede pública e servizos sen fíos de rede local.

Configurouse e probouse o encamiñador desde os computadores da rede local.

*UD8. Interconexión de redes.



Estableceuse un mecanismo que permita reenviar tráfico de rede entre dúas ou máis interfaces dun mesmo sistema.
Implantouse e verificouse unha política de seguridade referente ao tráfico que reenvía o sistema.
Comprobouse o acceso a unha rede determinada desde os sistemas conectados a outra rede distinta.
Implantouse e verificouse a configuración para acceder desde unha rede pública a un servizo localizado nunha máquina dunha rede privada local.
Instalouse e configurouse o hardware dun sistema con acceso a unha rede privada local e a unha rede pública.
Instalouse unha aplicación que actúe de pasarela entre a rede privada local e a rede pública.
Recoñecéronse e diferenciáronse as principais características e posibilidades da aplicación seleccionadas.
Configuráronse os sistemas da rede privada local para acceder á rede pública a través da pasarela.
Establecéronse os procedementos de control de acceso para asegurar o tráfico do transmitido a través da pasarela.
Puxéronse en práctica mecanismos para acelerar as comunicacións entre a rede privada local e a pública.
Identificáronse os escenarios de aplicación deste tipo de mecanismos.

5.2. Criterios de cualificación

5.2.a. Cualificación de cada avaliación

A cualificación de cada avaliación será unha nota entre 1 e 10 e será o resultado das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

-- CUALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN

* Apartado A: 85%

» Instrumentos de avaliación:

- Exame da avaliación: Proba presencial que se realizará ao final do trimestre.

» Observacións:

- A proba pode estar constituída por varias partes.

- Cada parte da proba valorarase de 0 a 10 puntos.

- Para que o exame sexa superado terán que estar aprobadas todas as partes. Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

* Apartado B: 10%: Se non se realizasen prácticas avaliadas con entrega por parte do alumnado este 10% engádese ao apartado A

» Instrumentos de avaliación:

- Exercicios prácticos individuais sobre os contidos das unidades didácticas do trimestre.

» Observacións:

- Cada práctica valorarase de 0 a 10 puntos con ata 3 decimais.

- As prácticas deberán ser entregadas no tempo e forma indicados antes da realización da mesma, en caso contrario puntuaranse cun 0.

* Apartado C: 5%

» Instrumentos de avaliación:

- Cuestionarios con preguntas sobre os contidos de cada unidade que se realizarán ao remate da mesma. As preguntas poderán ser de diversos tipos coma de múltiple resposta, de resposta de texto curto, etc.

» Observacións:

- Cada cuestionario valorarase de 0 a 10 puntos con ata 3 decimais.
- Os cuestionarios deberán ser entregados no tempo e forma indicados antes da realización do mesmo, en caso contrario puntuaranse cun 0.

- Nota da avaliación= (Apartado A x 0.85) + (Apartado B x 0.10) + (Apartado C x 0.05)

- No caso de non solicitar prácticas a entregar, é dicir só se realizan prácticas guiadas sen entregas, a nota da avaliación calcularase do seguinte xeito:

Nota da avaliación= (Apartado A x 0.90) + (Apartado C x 0.1)

-- AVALIACIÓN FINAL DO CURSO

- Alumnado con todas as avaliacións superadas:

A calificación final será a media ponderada das unidades didácticas tendo en conta os seguintes pesos:

10% UD1: Servizo DHCP

16% UD2: Servizo DNS

08% UD3: Servizo FTP

11% UD4: Servizo de Correo Electrónico

22% UD5: Servizo web

11% UD6: Ferramentas de acceso remoto

10% UD7: Redes Inalámbricas

12% UD8: Interconexión de redes

- Alumnado con algunha avaliación non superada:

* En caso de non aprobar algunha avaliación, a nota máxima que poderá recibir o alumno será un 4, aínda cando a media das tres avaliacións iguale ou supere o 5.

* Deberá realizar unha proba final presencial sobre os contidos da/s avaliación/s non superadas. A proba a realizar terá a seguinte estrutura:

PROBA FINAL: De cada avaliación suspensa farase unha proba cos seguintes apartados:

* Apartado A: 95%

» Instrumentos de avaliación:

- Proba práctica sobre os contidos estudados no trimestre.

* Apartado B: 5%

» Instrumentos de avaliación:

- Cuestionario sobre os contidos estudados no trimestre.

» Observacións:

- A este exame só se poderá presentar o alumnado que teña algunha parte pendente e só realizará as probas das avaliacións que non tivera superado anteriormente.
- Cada proba do exame valorarase de 0 a 10 puntos.
- Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.
- Para que o exame sexa superado terán que estar aprobadas todas as partes.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Ao tratarse dun módulo a distancia, o alumnado que non alcance os mínimos exixibles en cada unidade de traballo terá abertas as unidades didácticas na plataforma de formación a distancia. Tamén terán á súa disposición os foros específicos onde poderán facer preguntas a través da mensaxería tanto ao profesorado coma a outros compañeiros e compañeiras. Se o precisan e así o requiren, entregaráselle actividades de reforzo que incidan naqueles aspectos sobre os que atopen máis dificultades. E como todo o resto do alumnado, terán as horas asinadas para tutorías para a resolución das dúbidas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ao ser unha ensinanza a distancia non hai perda de dereito a avaliación continua e como tal non se contempla a existencia dunha proba extraordinaria.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso irase actualizando, revisando e modificando a programación. Avaliarase a práctica docente tendo en conta a interacción co alumnado e os resultados que se obteñen.

O procedemento para a seguimento da programación didáctica será o que continúa:

- En reunión de departamento, cunha frecuencia mensual dunha reunión por mes, revisarase o cumprimento da programación e se corraxirá o que se estime oportuno: secuenciación/temporización de actividades, substitución de actividades por outras, etc.
- Teranse en conta especialmente os informes e observacións do profesor titor do ciclo e do coordinador dos estudos de informática a distancia.

Tamén revisarase a coordinación co resto do equipo docente do grupo. Cara o curso académico seguinte, a programación reflectirá as correccións feitas froito do traballo anterior

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, fará un contacto inicial co alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Ao ser en modalidade a distancia, a través do equipo de orientación poderase obter un listado do alumnado con necesidades especiais

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo serán sempre consensuadas co resto do equipo docente do ciclo e o coordinador da informática a distancia e serán personalizadas para as necesidades detectadas para un alumno ou alumna. Incluirán:

Eliminación, adaptación ou reelaboración de certas actividades de ensino aprendizaxe que presenten especial dificultade por parte do discente.

Proposta de repetir, baixo supervisión directa do profesor, certas actividades especialmente problemáticas.

Aumento do prazo de entrega de tarefas e da realización dos exames na plataforma de Educación a Distancia.

Calquera outra que poda axudar a que a alumna/o responda globalmente aos obxectivos programados.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta que unha das nosas metas e a formación integral dos alumnos/as, terase en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo.

Educación ambiental: Evitar proxectos empresariais non respectuosos co medio ambiente e o perigo de determinados residuos informáticos.

Educación moral e cívica: Axustarse a lexislación todo o relacionado, por exemplo, o respecto da propiedade intelectual do software, respecto a Lei de protección de datos de carácter persoal, o uso adecuado da

Internet...

Educación para a paz e a convivencia: Promoverase como principio fundamental o respecto mutuo e o respecto a regras de convivencia no día a día da aula virtual.

Educación do consumidor: Hai diversidade de empresas de informática e diversidade de produtos de software. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios. A posibilidade de elección entre software libre e propietario. Esixir unha documentación correcta e adecuada as empresas subministradoras. Aprendizaxe para a toma de decisións con criterio.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dada a particularidade do ciclo (distancia) non se contemplan ditas actividades. No obstante, informase ao alumnado a través da Web do noso Centro das actividades extraescolares que se realizan, conferencias, ponencias, visitas, etc ás que poden asistir se o desexan.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía especial debido ao COVID-19

Debido a situación sanitaria excepcional marcada polo COVID-19 as tutorías realizaránse maioritariamente de xeito telemático. Se algún alumno ou alumna ten que vir ao centro será de maneira excepcional e a través de cita previa.